



# FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO

## *Memoria Económica Abreviada 2016*

---

### **Bases de Presentación das Contas Anuais**

A FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO é unha entidade asociativa privada sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente ao dos seus asociados. Está integrada por clubs, deportistas, técnicos, xuíces, e outros colectivos interesados que promovan, practiquen ou contribúan ó desenvolvemento do Tiro con Arco dentro da Comunidade Autónoma, ocupando a representación galega deste deporte.

O seu funcionamento e constitución están regulados conforme ao disposto nas seguintes disposicións legais:

- Orde do 28 de xullo de 1995, pola que se desenvolve o Decreto 228/1994 do 14 de xullo, Regulador das Federacións Deportivas Galegas.
- Lei 3/2012 do 2 de abril, do Deporte en Galicia.
- Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Estatutos da Federación Galega de Tiro con Arco, aprobados en Asemblea Xeral con data do 03/12/1995 (última modificación aprobada na Asemblea Xeral do 23/04/2013) e demais normas de aplicación.
- Informe favorable da Sección de Rexistro de Clubs e Asuntos Xurídicos.

A FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO (FGTA) está integrada na Real Federación Española de Tiro con Arco (RFETA), conservando a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu financiamento, e o seu réxime xurídico particular.

*a) Imaxe fiel*

Non se teñen producido circunstancias excepcionais que aconsellen a non aplicación das disposicións legais en materia contable, ou a necesidade de incorporar informacións complementarias a efectos de que as contas anuais amosen a imaxe fiel da entidade.

*b) Principios contables*

Na elaboración das contas anuais aplicáronse os principios contables obrigatorios definidos pola normativa vixente. No foi necesario renunciar á aplicación de algún deles, nin aplicar outro tipo de principios non obrigatorios.

*c) Comparación da información*

A información recollida no Balance e na Conta de Perdas e Ganancias é perfectamente comparable respecto ao exercicio precedente, coa única excepción imposta pola entrada en vigor do novo plan de contabilidade e a lóxica, que nos levan a unha maior desagregación das diferentes partidas, para unha mellor comprensión das mesmas. En tal sentido non se ten modificado a súa estrutura, nin foi preciso adaptar os importes do exercicio precedente.

*d) Elementos recollidos en varias partidas*

Non se realizou agrupación ningunha das partidas, nin foi necesario reflectir ningún elemento patrimonial en varias partidas.

## **1. Distribución de resultados**

A proposta de distribución das perdas do exercicio 2016, que foi aprobada en Asemblea Xeral, é a que se reflicte no esquema seguinte:

**BASES DE REPARTO (IMPORTE)**

Perdas e ganancias .....	10.998,07
Remanente.....	0,00
Reservas voluntarias.....	0,00
Reservas.....	0,00
<b>TOTAL.....</b>	<b>10.998,07</b>



#### DISTRIBUCIÓN (IMPORTE)

A Reserva legal.....	0,00
A Reservas especiais.....	0,00
A Reservas voluntarias.....	0,00
A FONDO SOCIAL FGTA .....	10.998,07
A Dividendos .....	0,00
A Compensación de perdas exercicios anteriores .....	0,00
TOTAL .....	10.998,07

## 2. Normas de valoración

Os criterios contables que son aplicados por la FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO para a preparación das contas anuais adxuntas son os que se indican a continuación, para cada unha das partidas:

### 2.1. Gastos de establecemento

Non existen.

### 2.2. Inmobilizado inmaterial

Non existen.

### 2.3. Inmobilizado material

Preséntanse conforme ao prezo de adquisición. Contablemente os criterios de amortización, de carácter lineal, son os seguintes:

- Equipos informáticos 25 %
- Equipos esp. Cronotir. 10 %
- Mobiliario 25 %
- Pantalla protección 10 %
- Outros equipos 25 %



Non se capitalizará ningún gasto que non supoña aumento de valor ou de vida útil do inmovilizado material, cargando directamente nas contas de xestión que correspondan os gastos de mantemento reparación, etc. Non se teñen dotado provisións para a depreciación do inmovilizado.

#### *2.4. Valores negociables e outras inversións financeiras análogas*

Non existe ningunha partida neste epígrafe.

#### *2.5. Créditos comerciais*

Non existe ningunha partida neste epígrafe.

#### *2.6. Existencias*

As existencias están valoradas a prezo de adquisición, aplicando o sistema FIFO, pero debido á súa escasa relevancia contable, non se teñen en conta.

#### *2.7. Accións propias en poder da FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO*

Non existen accións propias en poder da FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO

#### *2.8. Subvencións*

Concedida unha subvención por la Xunta de Galicia, por valor de 40.325 € (corenta mil trescentos vinte e cinco euros); e outra subvención por parte da Federación Española de Tiro con Arco, por valor de 1.564,60 € (mil quinientos sesenta e catro euros e sesenta céntimos).

#### *2.9. Provisións para pensións e obrigas similares*

Non existe ningunha partida neste epígrafe.

#### *2.10. Outras provisións do grupo 1*

Non existen.

#### *2.11. Débedas:*

As débedas non comerciais figuran no balance polo seu valor de reembolso.

#### *2.12. Imposto sobre beneficios*

Contabilízanse as retencións de intereses bancarios como cantidade a solicitar á AEAT cando se presente o imposto de sociedades.

#### *2.13. Transaccións en moeda estranxeira*

Non se realizou ningunha operación en moeda estranxeira.

#### *2.14. Ingresos e gastos*

Realízase a súa imputación e contabilización en función do principio de deveción, tendo en consideración a corrente real dos mesmos e a súa correlación.

#### *2.15. Actuacións empresariais con incidencia no medio ambiente.*

Non existe ningunha mención especial que deba ser incluída neste epígrafe

### **3. Activo inmovilizado**

O movemento das partidas do activo inmovilizado que figuran no Balance se resume no seguinte cadro:

#### ACTIVO INMOBILIZADO

#### IMPORTE

#### A. Estado de movementos dos gastos de establecemento

a. SALDO AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	0,00
Entradas.....	0,00
Saídas.....	0,00
b. SALDO AO FINAL DO EXERCICIO 2016.....	0,00

*Páxina 5 de 8*

B. Estado de movimientos das immobilizacións inmateriais

a. IMPORTE (BRUTO) AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	0,00
Entradas.....	0,00
Correccións de valor dereitos bens réxime arrendamento.....	0,00
Saídas.....	0,00
b. IMPORTE (BRUTO) AO FINAL DO EXERCICIO 2016.....	0,00
c. AMORTIZACION ACUMULADA AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	0,00
Dotación e aumentos (4).....	0,00

Redución por baixas, saídas e transferencias..... 0,00

d. AMORTIZACION ACUMULADA AO PECHE DO EXERCICIO 2016.....	0,00
e. PROVISIÓNS AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	0,00
Dotación de provisións.....	0,00
Aplicación e baixa de provisións.....	0,00
f. PROVISIÓNS AO PECHE DO EXERCICIO 2016.....	0,00
g. IMPORTE NETO EN SALDO DO BALANCE AO PECHE DE 2016.....	0,00

C. Estado de movimientos das immobilizacións material

a. IMPORTE (BRUTO) AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	4.068,47
Entradas.....	2.762,26
Correccións por valor de actualización.....	0,00
Saídas.....	0,00
b. IMPORTE (BRUTO) AO FINAL DO EXERCICIO 2016.....	6.830,73
c. AMORTIZACION ACUMULADA AO INICIO DO EXERCICIO 2016...	1.391,71
Dotación e Aumentos (4).....	944,96
Redución por baixas, saídas e transferencias.....	0,00
d. AMORTIZACION ACUMULADA AO PECHE DO EXERCICIO 2016...	2.336,67
e. PROVISIÓNS AO INICIO DO EXERCICIO 2016.....	0,00
Dotación de provisións.....	0,00
Aplicación e baixa de provisións.....	0,00
f. PROVISIÓNS AO PECHE DO EXERCICIO 2016.....	0,00
g. IMPORTE NETO EN SALDO DO BALANCE AO PECHE DE 2016.....	4.494,06



#### 4. Fondo Social

O fondo social minorouse a primeiros de ano, para facer fronte ás perdas producidas no exercicio 2015 de 5.154,92 euros, quedando en 51.437,88 euros.

#### 5. Débedas

Non existen débedas contraídas pola FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO.

#### 6. Entidades do grupo e asociadas

Asociada/Grupo (A/G): Denominación:

Domicilio: Forma xurídica:

#### 7. Gastos

En relación aos gastos de persoal non existen.

#### 8. Outra información

O importe das dietas e gastos de viaxe foi o seguinte, dividido nas seguintes contas:

62900000	Gastos de viaxe.....	1.164,43
62900007	Dietas e quilometraxe.....	19.810,18
62900009	Comidas.....	2.476,40

Este concepto corresponde a dietas de manutención, pernoita e desprazamento realizadas por deportistas, técnicos e directivos no curso do presente ano na realización das súas funcións, así como desprazamentos a competicións deportivas, incluídos os xuíces.

Ata o día da data, a FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO non ten a ningún traballador no cadro de persoal. Todas as súas actividades son desempeñadas por profesionais independentes, cando a ocasión e o tema o require; e no resto dos casos, de maneira desinteresada polos asociados e membros da xunta directiva.



A Coruña, a 18 de agosto de 2017



*Alfredo Rubio Ramos*

*Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO*